

SPM/jgf

Asunto: contestación solicitude Alborada concerto atención de día BS213K

O 20/06/2023 Alfonso Luis López Otero, en representación de Adolescentes Alborada, solicitou, en relación coa Resolución pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, de prazas de atención de día dirixidas a nenos, nenas e adolescentes con medida de protección (208 prazas), (código de procedemento BS213K), "encadrar a profesionais cunha titulación mínima de grao pertencente ao ámbito socioeducativo dentro do persoal para cumprir a ratio mínima do Decreto 329/2005 incluíndo os axustes e melloras existentes na convocatoria de concerto social e sempre que sexa xustificado polo Proxecto de Intervención Educativa de cada centro ou entidade".

En síntese, a entidade argumenta:

- na procura da mellor intervención educativa integral para as persoas usuarias consideran acaído un modelo de intervención multidisciplinar.
- figuras profesionais como mestre/a ou psicólogo/a poden contribuír a mellorar a intervención
- o artigo 27.3.1.B do IV Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores permite que o equipo socioeducativo, se ben formado con carácter xeral por persoal educador social, inclúa outras figuras profesionais. Para isto, entre as condicións que determine a





administración para un determinado servizo ou programa debe figurar a do carácter multidisciplinar.

Á vista da argumentación de Adolescentes Alborada, cómpre realizar as seguintes consideracións:

Primeira: O artigo 19 do Decreto 329/2005 establece que, para os centros específicos de atención de día haberá un mínimo dun/dunha educador/a para cada 8 menores.

Segunda: A disposición transitoria cuarta, disposición final primeira e o Anexo I do IV Convenio estatal de reforma xuvenil e protección de menores establecen os requisitos que debe cumprir o persoal educador social, que se resumen ben en estar en posesión do grao en Educación Social, ter a habilitación para desempeñar estas funcións ou vir prestando servizos con anterioridade nesta categoría.

Terceira: En consonancia coas anteriores disposicións, a cláusula Q.4.2.1. da Resolución do 29 de maio de 2023 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, de prazas de atención de día dirixidas a nenos, nenas e adolescentes con medida de protección (208 prazas) (código de procedemento BS213K), establece un mínimo de horas de persoal educador que as entidades deben garantir.

Estas horas calculáronse para asegurar unha atención equivalente en todos os centros, independentemente do número de prazas e, ao tempo, superan os mínimos esixidos polo dito Decreto 329/2005.

Á vista das consideracións anteriores, non é posible aceptar a solicitude de Adolescentes Alborada de que calquera categoría de persoal socioeducativo sexa computada para cumprir a ratio establecida en relación co persoal educativo, xa que as características do persoal mínimo están establecidas polo Decreto 329/2005 e o IV convenio colectivo.



Non obstante, non existe impedimento normativo para que o persoal que excede o mínimo disposto polo dito Decreto 329/2005 (un/ha educador/a por cada oito menores), ata alcanzar o mínimo disposto pola resolución de convocatoria deste concerto social, poida corresponderse con outras categorías para conformar, se o proxecto educativo da entidade o considera oportuno, equipos multidisciplinares.

En consecuencia, pódense establecer excepcións ao disposto no prego técnico deste concerto social sempre que se garanta a ratio mínima de persoal educador social que fixa o Decreto 329/2005 coas características que establece o IV Convenio estatal de reforma xuvenil e protección de menores.

Para iso, a entidade deberá argumentar a motivación concreta do perfil seleccionado. Esta argumentación será validada pola comisión de valoración tras a análise da oferta.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

